

CARA AO OCÉANO

FLORIAN VLASHI

Cando Juan Durán e Margarita Viso Soto viñeron á miña casa para me falaren sobre a opera de Adalid *Inés e Bianca*, e mais do proxecto que tiñan sobre a edición completa da primeira ópera de Galicia, axiña tiven a intuición de que se trataba de algo importante. Probei unha sensación que nunca sentira –estar diante dunha obra de arte descoñecida que estaba máis que un século encerrada e que ía ver a luz, a se editar, a soar nun teatro, a comunicar co publico. Tiña diante un proxecto cun valor particular, cun valor histórico.

Cando tiven a partitura nas mans, pensei decontado en persoeiros do mundo da música como Malipiero, que foi o primeiro que descubriu as partituras de Vivaldi nos anos 50 do século XX ou, máis atrás, en Mendelsohn, que tocou a música de Bach en público despois de máis de 100 anos no esquecemento. Cada un deles, que se atopaban en situacións semellantes, proban a sensación dun arqueólogo que lle está a quitar a terra a unha escultura grega ou exipcia pensando que o mundo a partir deste momento será un pouco máis belo con esta obra de arte.

O meu traballo consistía en revisar toda a parte da corda –*divisi*, ligaduras, acentos etc. En principio, pareceume un puro traballo mecánico, mais aos poucos decateime de que era algo máis que iso: tiña que ver non soamente coa comodidade dos intérpretes, senón co efecto

sonoro. Decateime, tamén, de que as ligaduras eran de fraseo e non para os “arcos”. Iso tería que ver coa parte da voz e comparando cos ventos. Nos acordes habería que evitar que soasen ásperos e duros; a súa música era romántica pola época e polo contido do texto. Sorprendeume a exactitude das partes violinísticas: estaban escritas en rexistros onde o instrumento soa mellor. Nunha primeira ollada dábase a sensación dunha orquestación simple, mais non sobra nada. Na súa simplicidade moitas veces agóchase a música máis profunda, sincera, sen efectos baleiros, a música sentida, coma un relato de Chéjov.

Adalid viviu no pazo de Lóngora en Liáns. É un sitio belísimo, un outeiro cheo de árbores, paxaros, unha pequena igrexa preciosa e unha tranquilidade máxica como un acorde de piano dunha peza de Scriabin. Cara ao sur está o cemiterio e cara ao norte ábrese o Océano. Cada vez que paso por alí en bicicleta, detéñome un intre e escoito...

E penso: “que ben que a súa música non se deixou ir “*cara ao sur*” senón “*cara ao norte*”. Toda a música desta terra hai que levala cara ao norte, cara ao Océano. E o vento que a vai levar somos nós.